

ASPECTOS BÁSICOS DAS ARTES ESCÉNICAS

Exercicios autoavaliáveis

1. Qué implica o concepto de espectáculo segundo a definición que nos da o diccionario?
2. Segundo Luna del Egido e Rafael Sánchez, cales son as diferentes características do termo espectáculo?
3. Define os seguintes aspectos do termo espectáculos:
 - a. Presenza e inmediatez,
 - b. Temporalidade.
 - c. Pluralidade de medios expresivos.
4. Segundo a lei de espectáculos en Galicia, podemos distinguir entre...?

Solucións

1. Qué implica o concepto de espectáculo segundo a definición que nos da o diccionario?

O tipo de relación que se establece, o espazo público que representa, e o seu obxectivo.

2. Segundo Luna del Egido e Rafael Sánchez, cales son as diferentes características do termo espectáculo?

O espazo escénico coma entorno, a presenza e inmediatez, a materialidade e a acción, a pluralidade de medios expresivos e a temporalidade.

3. Define os seguintes aspectos do termo espectáculos:

- a. As artes escénicas implican a presenza en directo do público nun mesmo espazo e lugar. Así cada vez que hai unha representación implica que nunca será igual á anterior.*
- b. As artes escénicas realízanse nun tempo e espazo concretos.*
- c. O espectáculo escénico pode recorrer a unha grande variedade de medios expresivos artísticos e estéticos concretos nun discurso articulado cuxo fin é conmover ao público.*

4. Segundo a lei de espectáculos en Galicia, podemos distinguir entre...?

Espectáculos públicos e actividades recreativas.